



## A CIG-ENSINO NON ASINOU AS TÁBOAS SALARIAIS 2018 E 2019 DO VIII CONVENIO COLECTIVO DE ENSINO NON REGRADO

**Unha vez máis as patronais, coa complicidade das organizacións sindicais estatais, sáense coa súa e asinan unhas táboas salariais para 2018 e 2019, que non só consolidan, senón que aumentan, a perda de poder adquisitivo no sector.**

O 10 de xullo de 2019, logo de 3 reunións da mesa de “negociación”, tivo lugar a sinatura das táboas salariais para 2018 e 2019 do Convenio Colectivo de Ensino e Formación non Regrado por parte das patronais CECAP, CECE e ANCED e pola parte sindical FECCOO e FeSP-UGT. Desde o punto de vista social, tratouse de 3 reunións estériles, dado que **non se acadaron melloras salariais que reivindicabamos os 3 sindicatos no comezo das negociacións. Unha vez máis as patronais fixeron unha proposta á baixa que mantiveron até que os sindicatos estatais voltaron vender aos traballadores/as no que chaman “mesa de negociación”**. Porén, **certifícase unha nova perda salarial, coa non recuperación do IPC perdido e co aumento da perda de poder adquisitivo presente e futura** (nen sequera aseguran o IPC-real nun convenio do máis precario en salarios, dentro de todos os que hai no sector do ensino).

Estas novas táboas asinadas, por desgraza, acabarán consolidando a perda de poder adquisitivo acumulada até as de 2017 (un 3,9% de perda) e incluso a incrementarán pois para **2018 aplicarase unha suba do 1%** (o IPC quedou no 1,2%) **e no 2019 un 2,75%**. Esta suba salarial é retroactiva, tendo as empresas que aboar os atrasos en 3 meses dende a publicación en BOE das táboas salariais. **As subas aplicaranse sobre o salario, complemento de dedicación e CPP**, quedando conxeladas as cantidades dos postos funcionais (director, xefe de estudos,...). **Nin se conseguiu que nos salarios por debaixo do SMI (900€/mes ou 12.600€/ano) se reflectisen nas táboas salariais estas cantidades**. Así as empresas complementarán a cada traballador/a o salario até esas cantidades mínimas a cobrar, agás aqueles que teñan outros complementos e xa superen ditas

cantidades, que só terán a ridícula suba porcentual asinada.

### PROPOSTA DEFENDIDA POLA CIG-ENSINO NAS MESAS DE NEGOCIACIÓN 2018/2019

Dado que o sector leva anos de CONXELACIÓN SALARIAL e perda de poder adquisitivo coa excusa da crise económica, entendemos que esta debe ser recuperada, xa que se eleva ao 3,9%, polo que:

A nosa proposta para 2018 e 2019 será a suba en total do 3% por ano de todos os conceptos salariais sobre as táboas do 2017. Como todos os salarios son inferiores ao Salario Medio Galego (18.000€), aplicaráselle a suba lineal da cantidade que se incrementa aos que teñan ese salario medio, é dicir, todas as categorías incrementarán 540€ anuais (3% dos 18.000€). Este 3% tamén se aplicará a todos os complementos do convenio.

Por suposto, todos os salarios por debaixo do SMI pasarían a cobrar os 12.600€, sendo esta a cantidade marcada nas táboas salariais e a cobrar por todos os traballadores/as desas categorías.

Unhas propostas moi parellas propuxeron as outras OO.SS (6% nos 2 anos a repartir), pero pronto se pregaron ás da patronal ante as ameazas de romper negociacións e denunciar o convenio.

**Vós podedes cambiar esta actitude de pactismo e entreguismo sindical que non vos representa...**

**DIGNIFICA AS TÚAS CONDICIÓNS  
LABORAIS E SALARIAIS!!**

# Táboas salariais VIII Convenio Colectivo de Ensinanza e Formación Non Regrada.

Categorías profesionais	ANO 2017	ANO 2018 - 1 %	ANO 2019 - 2,75 %
Profesor/a titular	14.243,06	<b>14.385,49</b>	<b>14.781,09</b>
Profesor de taller	14.243,06	<b>14.385,49</b>	<b>14.781,09</b>
Profesor/a Auxiliar /Adxunto/a	12.656,63	<b>12.783,20</b>	<b>13.134,73</b>
Profesor Auxiliar “on line”	12.656,63	<b>12.783,20</b>	<b>13.134,73</b>
Instrutor/a ou Experto/a	11.863,68	<b>11.982,32</b>	<b>12.311,83</b>
Educador social	14.243,06	<b>14.385,49</b>	<b>14.781,09</b>
Xefe de Administración	16.119,25	<b>16.280,44</b>	<b>16.728,15</b>
Oficial administrativo 1ª	13.158,05	<b>13.289,63</b>	<b>13.655,10</b>
Oficial administrativo 2ª	12.766,41	<b>12.894,07</b>	<b>13.248,66</b>
Orientador profesional	12.766,41	<b>12.894,07</b>	<b>13.248,66</b>
Prospector de emprego	12.766,41	<b>12.894,07</b>	<b>13.248,66</b>
Auxiliar administrativo	10.972,33	<b>11.082,05</b>	<b>11.386,81</b>
Redactor/a- Corrector/a	10.972,33	<b>11.082,05</b>	<b>11.386,81</b>
Axente comercial	10.854,81	<b>10.963,36</b>	<b>11.264,85</b>
Televendedor	10.854,81	<b>10.963,36</b>	<b>11.264,85</b>
Encargado/a de Almacén	13.163,06	<b>13.294,69</b>	<b>13.660,29</b>
Empregado/a de Servizos Xerais	10.854,81	<b>10.963,36</b>	<b>11.264,85</b>
Auxiliar non docente	10.854,81	<b>10.963,36</b>	<b>11.264,85</b>
Monitor- Animador	10.854,81	<b>10.963,36</b>	<b>11.264,85</b>
Titulado non docente	14.243,06	<b>14.385,49</b>	<b>14.781,09</b>
CPP	416,03	<b>420,19</b>	<b>431,75</b>
<b>COMPLEMENTO DEDICACIÓN</b>			
Ten 50% ou máis de xornada	105,70	<b>106,76</b>	<b>109,69</b>
Ten menos do 50% e máis do 25%	52,85	<b>53,38</b>	<b>54,85</b>
Ten o 25% ou menos de xornada	32,00	<b>32,32</b>	<b>33,21</b>

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal